



Casares mantivo unha estreita relación co activismo cinematográfico, participando en xaneiro de 1974, nas Xornadas de Cine en Ourense, levando a quen sería o seu principal mentor, Ramón Piñeiro, como conferenciante, ademais de participar en debates nas edicións de 1975 e 1978.

# Carlos Casares

Miguel Anxo Fernández

Historiador, profesor da UVIGO e crítico cinematográfico.  
Autor da tese *Escritores galegos diante do cinema no período do franquismo*.

# e o cine

Caricatura de John Ford por ©Siro (La Región, 22/01/1974)

En canto a relación co cine dos escritores galegos (e en galego), durante o século XX, Carlos Casares mantén dous trazos distintivos que o elevan sobre os seus contemporáneos, máis alá de que outros compartisen a súa paixón polo cine como espectadores ou traballando no medio audiovisual ou mantendo unha ocasional relación profesional coa industria ou sendo adaptado a imaxes propias<sup>1</sup>. Casares foi quen de dar protagonismo ao cine por vez primeira na novelística galega con *Ilustrísima* (1980), e ademais, por razóns de afecto e amizade, foi o membro da súa xeración que enlazou cos últimos autores vivos da Xeración Nós, sobre todo durante a súa estada en Ourense nos anos sesenta, como foron Ramón Otero Pedraio, Vicente Risco, Eduardo Blanco-Amor, e máis co fotógrafo, e tamén home de cine, José Suárez, entre outros.


Carlos Casares achegouse ao cine como espectador frecuente, tanto nas salas comerciais de Ourense e Compostela, como nos cine clubs



1 Foi o caso de dos membros do Brais Pinto, Xosé Alexandre Cribeiro, integrado na plantilla de Televisión Española; Xosé Fernández Ferreiro, traballando no departamento de promoción de Suevia Films, do vigués Cesáreo González; e, finalmente, Xosé Luís Méndez Ferrín, que chegaría a ser adaptado polo nacente cine galego dos anos setenta na pioneira curtametraxe en 35 mm, *Retorno a Tagen Ata*, a cargo de Eloi Lozano en 1974.



Carlos Casares con mini cámara, de @Xurxo Lobato



Portada da 1ª ed. de *Ilustrísima* (1980)

Ourense e Padre Feijóo da mesma cidade, entre os sesenta e comezos da seguinte década. Outro tanto como activista a prol da demanda dun cine galego, participando activamente en varias edicións das Xornadas que se promoveron na capital auriense nos anos setenta, ademais de ocuparse do tema como columnista en varios xornais e mesmo como realizador de filmes domésticos en Súper 8 mm.

Retomando o fío do relato da relación de Casares co cine, e deténdose na mencionada *Ilustrísima*, foi precisamente Otero Pedrayo quen contou a Casares a anécdota principal da presenza do exhibidor cinematográfico de orixe italiana, Barbagelatta, na Ourense dos comezos do século XX. Ademais de ser esa novela un dos seus grandes éxitos literarios, Casares recrea a chegada do cinema á, daquela, pequena cidade das Burgas, como provocadora dunha chea de conflitos entre o bispo e máis os seus subordinados xerárquicos, co

promotor do espectáculo. Pouco despois da súa moi rápida publicación en versión castelán, Casares recibiu unha oferta de Televisión Española para levala a imaxes, nun dos formatos que a canle pública dedicaba á ficción. Lamentablemente, a merca de dereitos expirou, e *Ilustrísima* non chegaría a gravarse.

Pero antes de agromar a mencionada novela, Casares mantivo unha estreita relación co activismo cinematográfico, participando en xaneiro de 1974, nas Xornadas de Cine en Ourense, levando a quen sería o seu principal mentor, Ramón Piñeiro, como conferenciante, ademais de participar nas edicións de 1975 e 1978, en debates a carón de Méndez Ferrín, Viale Moutinho, José María Bandrés ou Vicent Ventura, e dos mozos cineastas galegos que naquela hora xa soñaban cun cine propio.

Naqueles albores setenteiros, Casares publicou en 1974, no xornal *La Región*, a lembranza necrolóxica "Con esta lupa: John Ford", na que aproveitaba para demandar un cine propio para Galicia, ao fío da recente edición das mencionadas Xornadas, afirmando que

*«quedou clara a vontade colectiva de darlle ó noso país os instrumentos necesarios para que o cine galego chegue a ser (empeza a ser xa) unha realidade que nós rexistramos hoxe aquí, e colócamolo baixo a imaxe querida de John Ford, o famoso director (que soupo darlle á súa terra unha linguaxe épica que se encargou de contarnos a todos a grandeza e a miseria da creación dun mundo novo»<sup>2</sup>.*

2 Casares, *op. cit.*, *La Región* (22 de xaneiro de 1974).



Foto da mesa redonda das Xornadas de Cine de Ourense (1975).  
Na mesa aparece Carlos Casares, o primeiro pola dereita, a carón de Elías Querejeta

O Casares articulista prolongaríase en *La Voz de Galicia* desde 1975, coas columnas fixas da sección dominical *A ledicia de ler*, especializada en literatura, nas que ás veces falaba das relacións da ficción escrita e o cine, e inmediatamente despois no dietario *A marxe*, entre 1982 e unhas poucas semanas de 2002, no que tocou o cine en numerosas ocasións, nas que xunto aos recordos de espectador de primeira hora, vertía a súa ampla cultura cinematográfica.

Outro aspecto salientable do escritor ourensán, foi o seu aporte a un mellor coñecemento do fotógrafo e cineasta José Suárez<sup>3</sup>, un caso atípico na súa relación coa sétima arte, ademais dun personaxe que se prodigou pouco publicamente, sen deixar apenas testemuñas sobre a súa actividade e o seu pensamento. O pouco que se sabe do artista alaricán no aspecto máis persoal, débese ás lembranzas recollidas por Casares en *A marxe*, en *La Voz de Galicia*. Definiu a Pepe Suárez, que así o chamaba,

como «excelente fotógrafo e indómito cascarrabias, era un home bastante arbitrario, pero estaba dotado dunha intelixencia tan extraordinaria que puido superar todas as acometidas que contra el largaban sen cesar as estrafalarías características do personaxe»<sup>4</sup>. Conta que Suárez era un asiduo das salas de cine ademais de moi crítico cos filmes que miraba. No artigo «Un pesado celofán»<sup>5</sup>, recolle que

*«unha vez que estabamos os dous nun café de Ourense, facendo tempo para ir ao cine, un teimudo hábito nocturno que compartimos durante anos. Achegouse a nós un amigo común, tamén cinéfilo, que nos recomendou ir ver La hija de Ryan, da que dixo que tiña unha fotografía excelente. Indignado, Pepe Suárez respondeulle que no bo cine, a boa fotografía simplemente non se nota».*

Finalmente, Casares engadía a súa faceta de literato e de activo intellec-

tual, a de filmador coa súa cámara de Súper 8 mm, mercada a comezos dos setenta, e coa que fixo entre sete e oito curtametraxes, engadíndolle na cabeceira a imaxinaria produtora Svega Films, unha chiscadela á Suecia natal da súa dona Cristina. Nesa liña, a súa paixón pola imaxe levouno a coleccionar cámaras Leicas dos anos cincuenta e sesenta.

Do que non hai dúbida, moi por encima doutros escritores do seu tempo, é que tanto na estrutura dos seus textos longos como na súa propia maneira de narrar, o cine e a súa diferencial técnica narrativa, estivo moi presente na obra literaria do cinéfilo Carlos Casares, sen dúbida un indicador claro da súa modernidade e do seu compromiso co presente que lle tocou vivir.

3 Sobre todo, José Suárez foi autor da documental de longametraxe, *Mariñeiros*, que comezara a rodar polas localidades costeiras de Cangas e Bueu, nas Rías Baixas galegas, en xuño de 1936, e actualmente desaparecida.

4 *La Voz de Galicia* (16 de decembro de 1992).

5 *Ib.*